

**En galego  
É lóxico. Por dereito**

**MARCA A OPCIÓN DA LINGUA GALEGA  
NA TÚA DECLARACIÓN DA RENDA**

A Asociación de Funcionarios/as para a Normalización Lingüística (AFNL) presenta a campaña “**Eu declaro [a renda] en galego. É lóxico. Por dereito**”.

Esta iniciativa quere concienciar as persoas contribuíntes para que escollan a opción da lingua galega á hora de presentar a súa declaración da renda. Un acto concreto e sinxelo que na suma total outorga, entre outras, razóns de peso e de autoridade ante determinadas discriminacións lingüísticas realizadas pola Administración.

**Por que o facemos?**

A AFNL considera necesario exercer os dereitos que as leis outorgan ás comunidades con linguas cooficiais. Non practicar este dereito deriva nunha devaluación do mesmo e incluso corre o perigo de perderse.

As linguas minorizadas son un patrimonio común de valor universal. Este coñecemento da diversidade enriquece os pobos en canto á súa formación intelectual e aos seus valores. A ONU considera que os dereitos lingüísticos son unha parte integrante dos dereitos humanos.

Marcar a opción do galego na declaración da renda implica unha cuestión basilar: amosa a existencia duns dereitos que exercemos como comunidade con conciencia de seu.

**Por que é importante?**

A día de hoxe os órganos da Administración Xeral do Estado teñen como única lingua oficial o castelán. Calquera trámite de oficio sae en castelán aínda que se produza dentro de Galicia. Seguridade Social, Tráfico ou a Axencia Tributaria carecen de medios e de persoal suficiente para ofrecer un servizo de calidade en lingua galega. Por exemplo, algunhas aplicacións informáticas non presentan a opción do galego como sucedeu no recente proceso de devolución derivado da exención en IRPF das prestacións ou retribucións por maternidade/paternidade.

Ademais, os programas informáticos da Administración de Xustiza aínda a día de hoxe, logo das continuadas solicitudes da Irmandade Xurídica Galega, seguen sen permitir o uso da lingua galega, noutro evidente caso de marxinação, imposición e inculcación de dereitos.

Ao optar pola lingua galega na declaración da renda estamos enviando unha mensaxe á Administración para que tome en consideración a comunidade que usa o galego, na fala e/ou na escrita, e non permita situacións discriminatorias. A

corrección desta anomalía lingüística correspóndelle á Administración, e non ás persoas usuarias. Por iso, esta campaña é unha chamada máis de atención para que se resolva esta inxusta situación.

É importante cimentar a cooficialidade lingüística como un dereito ligado á dignidade da persoas, á non discriminación, á identidade... Non é unha opción administrativa, é un dereito.

### **A quen nos diriximos?**

O destinatario desta campaña é o contribuínte que ten a lingua galega como habitual. Pero polos propósitos que enunciámos antes, esta campaña tamén se dirixe ás persoas que falen castelán pero que son conscientes da riqueza que supón posuír unha cultura singular que se expresa por medio dunha lingua nacida do propio pobo galego ao longo dos séculos. Galicia ten un patrimonio inmaterial único no mundo que compartimos como bos e xenerosos, como boas e xenerosas.

Polo tanto, a persoa destinataria é toda aquela que desexa primaveras, saúde e futuro ao maior patrimonio inmaterial que posuímos como galegos e galegas.

### **E despois que?**

Xa non despois senón que en paralelo a AFNL mantén outras liñas de actuación. Así, enviamos unha proposta de declaración institucional aos concellos galegos para que insten aos distintos órganos da Administración Xeral do Estado para que haxa unha igualdade real e efectiva entre quen utilizan o castelán e o galego.

Asemade, temos abertas varias liñas de denuncia ante o Valedor do Pobo e ante o Defensor do Pobo, con varios expedientes abertos e relacionados cunha investigación por parte destes organismos.

Por último, varias persoas manteñen unha causa aberta coa *Agencia Estatal de Administración Tributaria* e coa Xustiza co propósito de que se recoñezan, protexan e velen polos dereitos constitucionais e legais da lingua propia de Galicia.